



#ciclomestremateo



CICLO MESTRE MATEO 2025

PROXECCIÓN DA LONGAMETRAXE DOCUMENTAL

SALVAXE, SALVAXE

DE **EMILIO FONSECA**

SÁBADO 4 DE OUTUBRO DE 2025 - 20:00 HORAS

AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA

O Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA), en colaboración coa Área de Cultura-Vicepresidencia da Deputación de Lugo, *Academia Galega do Audiovisual* e o *Concello de Vilalba*, organiza a proxección da longametraxe documental **SALVAXE, SALVAXE**, dirixida por **EMILIO FONSECA**, continuando así co **CICLO MESTRE MATEO-2025** que durante os próximos meses brindaranos a oportunidade de poder disfrutar das películas finalistas (documentais, longametraxes e curtas) dos **XXIII PREMIOS MESTRE MATEO**.

Esta **SÉTIMA** proxección terá lugar no **Auditorio Municipal de Vilalba o sábado 4 de outubro de 2025, ás 20:00 horas**.

Sinopse

«Cheiras iso?» A cámara adéntrase nos montes da Galiza e o norte de Portugal entre murmurios. Para tecer os sinais que deixa a vida salvaxe hai que agudizar os sentidos.

Salvaxe, salvaxe rastrea imaxes e ausencias do lobo ibérico. Atravesa unha historia relacional cargada de mitoloxía popular, sometemento e exterminio e enfróntase a unha historia audiovisual feita de imaxes-simulacro do natural salvaxe. Este ensaio fílmico é un anti-documental de natureza: nel aparecen lobos que devolven a mirada a cámara aterrorizados e humanos que saben ouvear. Todas as criaturas deixamos rastros neste baile coidadoso de rastrexadores rastrexados.

FICHA TÉCNICA

Dirección: Emilio Fonseca

Guión: Emilio Fonseca, Xiana do Teixeiro

Producción executiva: Xiana do Teixeiro

Dirección de produción: Sabela Mendoza

Delegado de produción: Jaime Muguruza

Xefa de produción: Uxía Buciños

Dirección de fotografía: Emilio Fonseca

Dirección de arte: Laura Ginés

Animación: Laura Ginés, Pepon Meneses

Supervisión FX: Laura R. Iturralde

Música orixinal: Ángel Faraldo

Deseño de son: Xoán-Xil López

Mestura de son: David Machado, La Panificadora Estudios

Montaxe: Emilio Fonseca

Etalonaxe: Pablo Cayuela, Laboratorio Numax

Duración: 86 min.

CANDIDATURAS XXIII PREMIOS MESTRE MATEO

Mellor documental

<https://estudioschairegos.ga> - <https://www.vilalba.gal> - <https://www.academiagalegadoaudiovisual.gal> - <https://cultura.deputacionlugo.gal>
<https://ciclomestremateo.gal>

A entrada será de balde apero haberá que facer reserva de localidade na web www.entradasvilalba.es ou na Casa da Cultura de Vilalba